

Convocatoria

VIII Concurso de Relatos

Museo Liste de Vigo

2020

Bases

1. **Aspectos xerais:** VIII Concurso de Relatos do Museo Liste de Vigo convocado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

2. **Temática: “Un conto chinés”**

Xeralmente, a expresión *conto chinés* identifícase con embuste, cunha mentira ou moitas mentiras dentro dunha historia onde se relatan feitos prodixiosos que desafían o que adoita ser considerado normal.

A orixe desta expresión varía segundo onde se utiliza, aínda que a versión máis estendida sitúaa no asombro que creou en Europa a lectura de “*El libro de las Maravillas*”, onde se relatan as experiencias e aventuras de Marco Polo pola Ruta da Seda. As súas descrições sobre lugares descoñecidos, sobre a súa flora e fauna, as linguas e as etnias, resultaban increíbles para os europeos da época e foron catalogados como contos chineses poñendo en dúbida a súa veracidade.

A nosa proposta para o 2020 consiste en convidarvos a que creedes unha narración marabillosa na que se mesturen realidade e ficción como exercicio literario que nos nutra de novas historias e personaxes que aumenten e modernicen o noso imaxinario colectivo.

3. **Idioma:** Galego.

4. **Participantes:** nenos e nenas de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

5. **Categorías:** establécense 5 categorías:

A- Nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria.

B- Nenos e nenas de 3º e 4º de Educación Primaria.

C- Nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria.

D- Nenos e nenas de 1º e 2º de E.S.O.

E- Nenos e nenas de 3º e 4º de E.S.O.

6. **Premios:** establécense 5 premios, 1 premio por cada categoría. A entrega dos mesmos realizarase o día 17 de maio “Día das Letras Galegas” a partir das 12:30 h. na sede do Museo.
7. **Formato e modo de presentación:** Os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na Rúa Pastora, nº 22, enviados por correo ordinario a dita dirección, ou a través do enderezo de correo electrónico: didactica@museoliste.org dende o cal se enviará confirmación de recepción.
Nos traballos deberán constar os datos dos participantes (nome, idade, curso) e o contacto (telefono de pai, nai ou titor ou do centro educativo en caso de ser iniciativa deste).
8. **Prazo de presentación dos traballos:** dende a publicación da convocatoria ata o 27 de abril de 2020.
9. **Selección de obras, xurado e fallo:** o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por cinco membros: dúas educadoras sociais, unha mestra de primaria, un profesor de secundaria e persoal do Museo Liste. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado na páxina web do Museo e en prensa a partir do 12 de maio de 2020.**
10. **Outros:** en todo aquilo non previsto nestas bases, a Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.
11. **Información:** a través do teléfono 986244698 e a través do enderezo didactica@museoliste.org.